

OS SELOS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE DEZA, SEGUNDO UNHA COMPILACIÓN DE 1876.

Xosé Ramón López Fernández

A Sección de Sixilografía do Arquivo Histórico Nacional¹ conta cunha importantísima colección de selos en tinta, en número aproximado de 15.000. O proxecto de reunión de dita colección partiu de D. Francisco González de Vera, director de dito arquivo, quen acordou no ano 1876 solicitar unha réplica dos selos empregados tanto polas corporacións civís como eclesiásticas así como de tódolos organismos da administración existentes no momento.

Dita decisión foi impulsada polo Ministerio de Fomento, o cal ordenou ás institucións propietarias que remitiran impresións en tinta dos selos que tiñan en uso nese momento e tamén dos anteriormente utilizados que conservaran no seu poder, así como a xustificación histórica da súa existencia.

Como consecuencia de dita compilación podemos hoxe consultar os selos empregados polos concellos da comarca de Deza nese momento, así como a explicación dada por estes acerca dos motivos que os selos contiñan.

Non obstante, hai que sinalar que se ben tódolos concellos remiten os selos empregados, tan só os concellos de Lalín e Rodeiro tentan contextualizar o contido que estes recollen no seu interior, xustificándose a ausencia de datos do resto en que lles eran descoñecidos.

¹ Véxase: <http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia>.

Comezando polo concello de Lalín, transcribimos a continuación os argumentos que aporta o concello, caracterizados a partes iguais por doses de imaxinación, inxenuidade e descoñecemento da realidade histórica:

“Reseña histórica acerca del origen del Sello del Ayuntamiento de Lalín y tiempo que estaba en uso².

El Conde Sebiriano, de origen godo, señor de Deza y Trasdeza, conocido por el conde Turrichao, sinónimo de dueño de torres en llano, como que según crónicas antiguas poseyan en Galicia cincuenta.

Uno de los sucesores de dicho conde fue Senorina Suárez Turrichao, hija de Alonso Ozores Suárez, conde de Deza; cuya señora casó con Arias, conde de Monterroso y señor de las tierras de la Ulloa; por enlaces posteriores pasaron estos condados a la casa de Castro; hoy los excelentísimos condes de Lemos; quienes poseieron con derecho jurisdiccional y vasallaje el país de Deza.

Su casa principal hera la fortaleza de Lalín, en la cual había una muy elebada torre, cuya con dicha casa fortaleza se deshicieron pocos años hace³.

En tiempos antiguos el país se llamaba valle de Tebra; y la fortaleza Benquerenza: y el nombre de Deza probino de sus señores Suárez Deza Churruchao o Turrichao; y el de Lalín tal vez proceda en memoria de Latn Calbo, mayor ascendiente de los expresados condes de Lemos.

La primera dibisa de los repetidos Turrichaos fue una torre; y por ella el Ayuntamiento de Deza, hoy Lalín, siempre la ha usado en los actos oficiales desde el año de 1840 sin que antes se conociese ningún otro sello.



Figura 1

2 Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Colección sellos en tinta. Sigil-Tinta_Pontevedra, 15, nº 28. 1876.

3 Dita torre fora derribada en 1846, trinta anos antes deste momento. VILARIÑO, F. *Reseña histórica del Condado de Deza*. Capítulo XXI Ed. preparada por Armando Vázquez, 1997.

Son las unidas noticias que pueden suministrarse acerca del origen del sello de este ayuntamiento.

Lalín, 21 septiembre de 1876.

El alcalde. Antonio Calvo. (firmado e rubricado)”

Segundo co caso de Rodeiro⁴, o concello amósase máis preocupado en xustificar a recentemente estreada capitalidade municipal no lugar de Barbeitos, na parroquia de Río⁵, que en dar verdadeiros datos históricos sobre o seu selo. Presenta dous selos, o primeiro da alcaldía (figura 2) e o segundo do concello (figura 3), acompañados do seguinte texto:

“Partido judicial de Lalín. Alcaldía constitucional de Rodeiro.

Este fue formado de poco acá, figurando una torre muy antigua que hay en Rodeiro a impulsos de los vecinos de allí, sin más objeto que de hacer prevalecer en aquel punto cabeza de distrito titulándose “Ayuntamiento de Rodeiro” por ser en aquel entonces las autoridades vecinas de aquel punto usando del absolutismo y soberanía en el pueblo a fin de amortizar el primitivo nombre de Camba.

Hoy como siempre deber ser “Ayuntamiento” y “Alcaldía de Barbeitos de Río”.



Figura 2

“Ayuntamiento de Camba. Rodeiro.

Este sello se usa desde al año de 1836: figura de las armas de Camba titulada además en la antigüedad de los Churruchaos, celebrando ayuntamiento a sus inmediaciones por muchos años en Barbeitos de

⁴ Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Colección sellos en tinta. Sigil-Tinta_Pontevedra, 15, nº 51. 1876.

⁵ LÓPEZ FERNÁNDEZ, X.R. *Historia administrativa do concello de Rodeiro (II)*, p. 295. En: VV.AA. *Rodeiro, unha terra con historia*. Pontevedra: Deputación Provincial, 2008.




Figura 3



Figura 4

Río hasta que por una disposición arbitrarse traslado a Rodeiro por influencia de aquellos vecinos que dominaban los habitantes como absolutos, hasta julio de 1874 que se volvió a restablecer y continúa en el espresado Barbeitos de Río, su pri(mi)tivo estado y punto como centro del distrito con gusto de los domiciliarios, por ser despejado y muy saludable.”

O concello de Silleda, tan só sinala que o selo que se remite é o mesmo que se utiliza dende 1836, ano de posta en marcha dos concellos constitucionais (figura 4)⁶.

Pola súa banda, Agolada sinala que o selo enviado é o que está en vixencia, sen máis datos (figura 5)⁷.

No caso de Carbia, nome co que se coñecía o concello de Vila de Cruces ata 1944, presenta dous selos⁸: un primeiro usado ata 1862, de uso descoñecido (figura 6), e un segundo usado desde 1844, segundo se cre, tendo unha orixe tamén escura (figura 7).

6 Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Colección sellos en tinta. Sigil-Tinta_Pontevedra, 15, nº 58. 1876.

7 Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Colección sellos en tinta. Sigil-Tinta_Pontevedra, 15, nº 24. 1876.

8 Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Colección sellos en tinta. Sigil-Tinta_Pontevedra, 15, nº 12. 1876.



Figura 5



Figura 6

Por último, o concello de Dozón presenta o selo usado desde 1872 (figura 8)⁹, do cal se sinala a intención de substituír o termo “popular” empregado no mesmo, con orixe no sexenio revolucionario, polo termo “constitucional”, moito máis adoito para o período da Restauración. Así mesmo, sinala descoñecer calquera outro selo anterior.

Xa para rematar, cabe sinalar que dita colección de selos dos concellos constitúe na actualidade unha fonte privilexiada para obter información heráldica de cara á aprobación dos novos escudos municipais.



Figura 7



Figura 8

⁹ Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Colección sellos en tinta. Sigil-Tinta_Pontevedra, 15, nº 19. 1876.